PROXECTO EXPERIMENTAL LIBROS DIXITAIS - EDIXGAL

# As actividades en Moodle

# Os tipos de actividades

## Actividades interactivas

Creamos actividades nos que oss alumnos teñen que realizar algunha acción, por exemplo, respostar a unhas preguntas, entregar unha tarefa proposta, etc...

O EVA ofrécenos esta posibilidade a través dos módulos: Tarefa, Proba, Lección, SCORM, Escolla.

## Actividades comunicativas

Tamén podemos crear actividades nas que fomentemos a comunicación. Son a Conversa e o Foro

## Actividades colaborativas

Por último o EVA ofrece a posibilidade de crear entornas de traballo colaborativo coa finalidade de obter produtos finais, como poden ser documentos, sínteses, informes, proxectos, etc... Veremos neste apartado: foros, wiki, taller, base de datos, glosario.




XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Os foros

Moodle foi proxectado baseándose nas ideas do construtivismo en pedagoxía, que afirman que o coñecemento constrúese na mente o estudante, en lugar de ser transmitido sen cambios a partir de libros ou ensinanzas e na aprendizaxe cooperativa.

Os foros teñen unha importancia particular no desenvolvemento do construtivismo social.



XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Creamos un foro







Tipos de foros

1. Cada persoa comenta unha discusión
2. Foro estándar para uso xeral
3. Foro estándar presentado de forma semellante a o dun blog
4. Foro Q e A
5. Discusión simple única

# Cada persoa comenta unha discusión

Cada usuario pode crear un só tema de discusión, pero unha vez creado non poderá crear un novo, pero si pode responder aos temas que vaian creando os compañeiros.

| Discusión | Comezado por | Respostas | Último comentario |
|---|---|---|---|
| O futuro das fontes de enerxía é a fusión | alumno cerodous | 0 | alumno cerodous Dom, 11 de Xan de 2015, 16:21 |
| Enerxías alternativas | Admin User | 1 | alumno ceroun Dom, 11 de Xan de 2015, 16:12 |
| Vanse prohibir os motores diesel nas cidades? | alumno ceroun | 0 | alumno ceroun Dom, 11 de Xan de 2015, 16:10 |

Presentar respostas de forma aniñada

**O futuro das fontes de enerxía é a fusión**

por alumno cerodous - Domingo, 11 de Xaneiro do 2015, 16:21

Este é proxecto máis importante para a investigación sobre a fusión nuclear




http://www.iter.org/

Responder

# Foro estándar para uso xeral

Cada usuario pode crear os temas de discusión que queira, e responder aos temas creados polos compañeiros.

Engadir un novo tema de discusión

| Discusión | Comezado por | Respostas | Último comentario |
|---|---|---|---|
| Dúbidas Moodle | alumno cerodous | 0 | alumno cerodous<br>Dom, 11 de Xan de 2015, 16:18 |
| edixgal | Admin User | 2 | alumno ceroun<br>Dom, 11 de Xan de 2015, 16:16 |
| Incrustar un vídeo en Drupal | alumno ceroun | 0 | alumno ceroun<br>Dom, 11 de Xan de 2015, 16:14 |

# Foro estándar presentado cun formato semellante a un blog

Engadir un novo tema ← Tódolos usuarios poden engadir máis temas

**Actualizar o Iceweasel e o plugin de fash** ← Entrada máis nova
por alumno cerodous - Domingo, 11 de Xaneiro do 2015, 16:30

Para actualizar o Iceweasel, é moi sinxelo, simplemente temos que pegar a seguinte instrucción no terminal de root.

```
apt-get update && apt-get install -y -t wheezy-backports iceweasel iceweasel-l10n-gl
```

Antes de actualizar o plugin de fash, temos que telo instalado. Para iso podemos facelo teclaando a seguinte instrucción:

```
apt-get install flashplugin-nonfree
```

E actualizamos o plugin:

```
update-flashplugin-nonfree --install
```

Discutir este asunto (0 respostas ata agora)

**Como instalar Chrome en Minino** ← Entrada anterior no tempo
por alumno ceroun - Domingo, 11 de Xaneiro do 2015, 16:05

Aínda que o Iceweasel vai como unha rosa no Minino, sempre hai inconformistas que piden outras cousas para ir rompendo pouco a pouco os esquemas mentais doutros sistemas operativos. Un deles é este navegador: o Google Chrome

Engadimos o seguinte repositorio á lista de repositorios

```
lea...
```

Ler o resto deste tema *(95 palabras)*

Discutir este asunto (1 resposta ata agora)

Tamén se pode responder →

# Foro Q e A (preguntas e respostas)

O profesor edita unha ou varias preguntas e os alumnos responden á mesma, e ás respostas dos compañeiros. Os alumnos non poden crear preguntas.




O profesor pode engadir as preguntas que desexe

Cuestión do profesor

Resposta a cerotres

# Unha discusión simple e única

Moi similar ao foro Q e A, coa diferenza que o profesor só pode crear unha pregunta, mentres que no Q e A pode facer as que queira.

**Cal é o mellor destino para a excursión de final de curso?** ← Cuestión do profesor

Presentar respostas de forma aniñada

**Cal é o mellor destino para a excursión de final de curso?**
por Admin User - Domingo, 11 de Xaneiro do 2015, 15:59

discusión simple e única

Editar | Responder

**Re: Cal é o mellor destino para a excursión de final de curso?**
por alumno ceroun - Domingo, 11 de Xaneiro do 2015, 16:02

Penso que o mellor destino é Torremolinos. Temos praia, pubs e ambiente de festa e diversión.

Amosar pai | Editar | Eliminar | Responder

**Re: Cal é o mellor destino para a excursión de final de curso?**
por alumno cerodous - Domingo, 11 de Xaneiro do 2015, 16:32

Oes, e ti pensas que os de torremolinos teñen mellores praias cas nosas, da Costa da Morte?

Amosar pai | Editar | Eliminar | Responder

**Re: Cal é o mellor destino para a excursión de final de curso?**
por alumno cerodous - Domingo, 11 de Xaneiro do 2015, 16:34

Eu propoño facer a ruta dos faros pola Costa de Morte. Temos moito que aprender aquí, e ademais sairíanos moito máis barato (meus pais teñen os cartos xustos para chegar a final de mes).

Mirade este enlace: http://www.caminodosfaros.com/

Amosar pai | Editar | Eliminar | Responder




Así non se permite responder a un fío do foro xuntando un ficheiro

Limitar o número de palabras ten as súas vantaxes:
1. O seguimento dos fíos é máis cómodo
2. Os rapaces téñense que esforzar en resumir as súas ideas
3. Moi útil para as redaccións en idiomas estranxeiros, que deben de ter un  número mínimo de palabras

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica




Cando un participante está subscrito a un foro significa que recibirán copias por correo electrónico dos correos do foro.
Sen embargo, por defecto os alumnos en Edixgal non teñen unha conta de correo, e non poden dispoñer dunha por ser menores de 14 anos.
O Moodle, aínda así, da posibilidade para engadila:







Un menor de 14 anos non pode ter conta de correo




O docente pode limitar a participación nun foro. Tal e como está configurado o Moodle na imaxe superior, un alumno non pode engadir máis de 3 comentarios por día. O sistema envíalle un aviso co segundo comentario.



# Avaliación nun foro

Un  profesor pode avaliar a participación do alumnado nun foro, puntuando o a profundidade dos razoamentos.




Pódese crear unha categoría para avaliación.

Quen pode avaliar

Uso máis habitual. As escalas diferencia entre alumnos individualistas, conectados,etc.

Media das notas, máxima, mínima, suma e contar número intervencións avaliadas.

Nota máxima

Número de discusións avaliadas

Nota

# A Wiki

Unha actividade de moito proveito didáctico é a Wiki. O profesor propón un tema de debate, e os rapaces van engadindo a súa opinión sobre o mesmo, empregando os comentarios. Comentarios

Exemplo

## Mina si, mina non

Deixa a túa opinión sobre a mina de Corcoesto. Se entendes que se debe de executar ou non.
A opinión que deixes, debe de ser razoada, e despois de que procures información. Non tes porque ter unha opinión definida apoiado o si ou ben o non. Se fora así, expresas os teus criterios a favor do si e do non.
Tamén podes cuestionar a opinión dun compañeiro, pero sempre facendo unha crítica construtiva, e nun marco de respecto e entendimento.
Esta actividades vaise valorar tendo en conta: a túa participación, a calidade da argumentación, información adicional que aportes (enlaces a páxinas web, enlaces a imaxes, etc) e crítica construtiva ás opinións dos teus compañeiros.

Lembra que non podes borrar a información aportada por outros usuarios da páxina.

XUNTA DE GALICIA
amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

mira de Corcoesto

Comentarios

# Pinchando en comentarios, podemos ver a participación




Sen embargo, o Moodle, por defecto no trae un
módulo para avaliar unha wiki.

O máis sinxelo é crear unha tarefa, que nos sirva
de apoio para engadir de forma directa as notas, e configurar a avaliación da mesma (engadir escalas, avalación numérica, por rúbicas, etc)

Tarefa

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Actividade: Tarefa

Unha tarefa é unha actividade de Moodle que permite ao profesorado asignar un traballo aos estudantes que estes deberán preparar normalmente nun formato electrónico (documento de texto, presentación electrónica, imaxe gráfica, unha captura de pantalla, vídeo, etc.) e remitilo, subíndoo ao servidor.



Os documentos quedarán almacenados para a súa posterior avaliación á que poderá engadirse un comentario que chegará de forma independente ao estudante mediante correo electrónico.

# Actividade: Tarefa




1. Data de vencemento da tarefa. O sistema permitirá a entrega da tarefa, aínda que se marcará como entregada fóra de prazo.

2. Data a partir da cal non se permitirá a entrega de tarefas

# Tipos de entrega




**A**. O alumno unicamente podería editar un texto, empregando o editor web. Empregaríase para un comentario de texto, unha redacción, etc.

**B**. Esta opción permite que o alumnado poda entregar ademais ficheiros, como pdf, imaxes, audio, vídeo, etc.

**C**. O docente pode limitar o número de ficheiros e o tamaño máximo dos mesmos.

# Tipo de comentarios




**A**. Se está activado, o profesor pode comentar cada unha das entregas.

**B**. Con esta opción activada, o profesor poderá descargar e subir unha folla de cálculo coa cualificación das tarefas.

**C**. O docente pode enviar ficheiros, que poden servir para facilitarlle ao alumno a Actividade corrixida, ou ben engadir comentarios ou subir vídeos explicativos, etc.

# Configuración de entregas




A. Serve para diferenciar as entregas provisionais da entrega definitiva, que o alumno non poderá corrixir.



C. Reabrir unha entrega de tarefa, unha vez que se fixo a entrega. Pódese facer como método para que o alumno poida mellorar a nota acadada na tarefa.

- Nunca. Neste caso, unha vez que o alumno entregou a tarefa, non terá posibilidade de volvela a reenviar.
- Manualmente. O profesor pode posibilitar que o alumno poda entregar a tarefa de novo.






# Notificacións




# Cualificacións




Normalmente temos por costume que sexa o 10 a nota máxima, sendo un 5 a nota mínima para aprobar. No apartado "Método de cualificación", deixamos a opción predeterminada: "Cualificación  directa simple".

## Subir unha tarefa

Unha vez configurada a tarefa, os estudantes poderán ler o enunciado e comezar a enviar os seus traballos (nos casos de tarefas onde se indican envío de arquivos).

Cando corresponda poderán seleccionar un arquivo do seu PC e subilo a través dun formulario incluído na propia tarefa.

### Estado da entrega

| | |
|---|---|
| Grupo | Grupo predeterminado |
| Número do intento | Este é o intento 1. |
| Estado da entrega | Non foi enviado nada para esta tarefa |
| Estado das cualificacións | Sen cualificar |
| Data límite | Mércores, 17 de Decembro do 2014, 00:00 |
| Tempo restante | 1 día 14 horas |

Engadir entrega

Facerlle cambios á súa entrega

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Seguidamente o alumno fai entrega tanto dun texto como dun ficheiro



Se é un texto en liña, podemos visualizalo directamente premendo:







Podemos comentar a entrega

Se o alumno entregou un ou varios ficheiros, o profesor deberá de descargalos:









# O profesor engade a nota numérica




Engadir nota




Nota numérica




Engadimos os comentarios (podemos facilitar un atallo ao exame corrixido)

Cando o alumno accede á tarefa, pode ver que mudou o estado da cualificación, e ademais pode visualizar a nota numérica acadada.

| | |
|---|---|
| Estado da entrega | Entregado para cualificacións |
| Estado das cualificacións | Cualificado |

## Comentarios

| | |
|---|---|
| Cualificación | 6,25 / 10,00 |
| Cualificado o | Martes, 16 de Decembro do 2014, 10:20 |
| Cualificado por | Asesor Cee |
| Comentarios | Esqueceches tratar o apartado 4 |

## PASOS PARA CREAR UNHA PROBA




1. Co obxectivo de ter ordenado o informe de avaliación, é moi conveniente **crear unhas categorías de avaliación**. Por exemplo: 1ª avaliación, 2ª avaliación, etc.

2. **Agregar as preguntas ao banco de preguntas** (tamén clasificadas por categorías, como poden ser as ud. didácticas), que o docente empregará para un exame de avaliación, ou en vindeiros cursos.

3. **Creala proba**, escollendo as preguntas do banco.

4. **Escoller as preguntas do banco e xuntalas á proba**.

## PASO 1. Crear unha categoría de cualificación.

Co obxectivo de ter ordenado o informe de avaliación, é moi conveniente crear unhas categorías de avaliación. Por exemplo: 1ª avaliación, 2ª avaliación, etc. E dentro destas avaliacións pódese crear unhas subcategorías por unidade didáctica. De cada categoría podemos obter a nota media, por exemplo

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1ª avaliación | Media de cualificacións (con puntos adicionais) | ☐ | - | Todo Ningún |
| Unidade didáctica 1 | - | 0,0 | 10,00 | ☐ |
| Unidade didáctica 02 | - | 0,0 | 10,00 | ☐ |
| Total da categoría | - | | 10,00 | |










Débese activar a edición









Permite engadir categorías dentro doutras categorías

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Estrutura das categorías




Neste caso temos unha categoría pai, que é a unidade de mecanismos. Dentro desta unidade está creada outra unidade para a realización do exame de avaliación.

# Inserir as preguntas no banco







Escollemos a categoría

# Seleccionamos o tipo de pregunta



# Creamos unha pregunta tipo test:




Podería ser de resposta múltiple









Resposta correcta




Pódese cambiar de categoría

# PASO Nº3. Crear a proba

Engadir unha actividade ou un recurso




Como as opcións son múltiples, amosamos a configuración para un exame test, no cal aparece cada  pregunta nunha páxina, pero en orde diferente para cada alumno (preguntas baralladas), e incluso as respostas tamén baralladas.

O alumno dispón de 20 minutos e só ten unha oportunidade. Pode visualizar a resposta correcta, unha vez rematada a proba e enviada ao profesor.







1. Intervalo no cal estará visible a proba
2. Tempo máximo para contestar á proba. Neste exemplo 20 min.
3. Configuración do comportamento ao finalizar a proba
   - Intentos abertos entregaranse automaticamente (opción escollida)
   - Hai un período de gracia na cal o alumno pode facer entrega, pero no contestar máis preguntas.
   - Os intentos deben de entregarse antes da finalización do prazo
4. Período de gracia (activarase se no paso 3, escollemos o 2º apartado)

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

No caso de crear unha categoría seleccionase neste apartado




O resto das opcións quedan
por defecto

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Como o vería o alumno?

## PREGUNTAS DO CONCURSO

Intentos permitidos: 1

Esta proba ábres en Xoves, 10 de Abril do 2014, 09:00

Esta proba pecharase en Mércores, 17 de Decembro do 2014, 13:00

Para responder este cuestionario precisa de coñecer o contrasinal

Tempo límite: 20 mins

→ Intentar a proba agora

**Confirmación**

Esta proba ten un límite de tempo e un número restrinxido de intentos, 1. Vostede está a punto de comezar un novo intento. Quere proseguir?

→ Comezar intento | Cancelar

NAVEGACIÓN DA PROBA

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

Finalizar intento ...

Tempo restante **0:19:29**

Comezar unha nova vista previa

¿En que península está Esparta?

Select one:

- a. Calcidia.
- b. Peloponeso.
- c. Anatolia.

Cal dos seguintes elementos da Táboa Periódica é un gas nobre?*

Select one:

- a. O Xofre.
- b. O Kripton.
- c. A Prata.

Cando remata de facela proba, coa configuración escollida, o sistema amosa as respostas corretas







Respostas acertadas e erróneas



# PASO 4. Engadir as preguntas do banco á proba

A. Creamos a proba. Ó gardar amósanos o seguinte:







B. Xa temos a proba creada, e queremos engadirlle as cuestións.


















Seleccionamos a categoría na que teñamos gardadas as preguntas

Seleccionámolas preguntas e engadímolas á proba






Como é bastante laboriosa a edición das preguntas, hai un método máis cómodo, que é o emprego  dunha plantilla de Libreoffice. Deste xeito empregamos o procesador de textos para crear as cuestións, que logo importamos ao banco de preguntas do Moodle

Manual formato GIFT, IES San Clemente

https://manuais.iessanclemente.net/index.php/Modo_GIFT

Descargamos a plantilla para LibreOffice

http://code.google.com/p/libre-gift/downloads/detail?name=Plantilla%20cuestionario.zip&can=2&q=

Abrimos o Libreofffice Writer e habilitamos as macros.
Para iso vamos a ferramentas/opcións













XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

Abrimos o ficheiro ejemplo.odt, que está na carpeta descomprimida e activamos as macros, e exportamos a gift









Gardámolo ficheiro como exemplo.odt e automáticamente convirte o texto en código

```
//FalseStatement
El río más largo de la Península Ibérica es el Miño. {FALSE #El río más largo de la Península
Ibérica es el Tajo.}

// Start of question: MatchingQ
Une cada país con su capital: {
=España ->
Madrid
=Suecia ->
Estocolmo
=Francia ->
París
=Noruega ->
Oslo
}
```

No formato de saída escollemos UTF-8, e gardámolo ficheiro como ejemplo.txt




XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

Agora temos que engadir este cuestionario ao banco de preguntas




E creamos unha categoría, para ter as preguntas clasificadas por temáticas







XUNTA DE GALICIA
amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Importamos as preguntas do ficheiro ejemplo.txt













XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica


1. El río más largo de la Península Ibérica es el Miño.
2. Une cada país con su capital:
3. ¿Qué forman Inglaterra, Gales, Escocia e Irlanda del Norte?
4. La montaña más alta de la Península Ibérica es el Mulhacén.
5. ¿Cuáles de estas cordilleras están en Europa?
6. ¿Cuántos países forman la UE?
7. Eslovenia hace frontera con Croacia, _____, República Checa y Hungría.
Continuar


T
Pregunta
Creada por
Nome / Apelido
Última modifi de
Nome / Apelido
Une cada país con su capital:
¿Cuáles de estas cordilleras están en Europa?
¿Cuántos países forman la UE?
Eslovenia hace frontera con Croacia, _____, Repúbl
¿Qué forman Inglaterra, Gales, Escocia e Irlanda del
El río más largo de la Península Ibérica es el Miño.
La montaña más alta de la Península Ibérica es el M
FRAN FRAN
Co seleccionado:
Eliminar
Mover a >>
Curso Edixgal (7)

Creamola proba e engadirmos as preguntas desde o banco




Establecemos o número de Intentos, e o método de cualificación



Barallamos as preguntas, para evitar que se copien os rapaces,
e configuramos.
Para ver 10 preguntas por páxina




O resto das opcións deixámolas por defecto, e gardamos







Engadimos preguntas

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Seleccionamolas preguntas e engadímolas á proba

Seleccionamolas todas



# Previsualizamos a proba







O alumno realiza a proba e obtén unha nota de avaliación, que queda rexistrada no Moodle

# Licencia

Esta obra, elaborada por AMTEGA, está bajo una licencia
Reconocimiento-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons.

Para ver una copia de la licencia, visite:

http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/es/



XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica